



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4
DE AGOSTO DE 2011**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e dous minutos do día catro de agosto de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 11 DE XULLO DE 2011 (SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN)

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

2º.-DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DITADAS NOS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2011

3º.-ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 11 DE XULLO DE 2011 (SESIÓN

EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN).- Apróbase por unanimidade a acta da sesión extraordinaria de organización, celebrada o día 11 de xullo de 2011. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcrición ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Toma a palabra o Sr. Alcalde:

Antes de pasar a la parte de Control da Xestión, ¿Hai alguén que queira presentar algunha moción de urxencia?

Antes de nada, por parte desta Alcaldía queremos someter a consideración do Pleno un asunto non incluído dentro da Orde do Día nin ditaminado por Comisión Informativa debido á urxencia. Tódolos grupos están ao tanto desta iniciativa que queremos presentar e que xa se debateu na Xunta de Portavoces. Trátase da composición das Comisións Informativas.

Dende logo que se trata dun tema importante, porque a propia operatividade das Comisións nos obriga a tomar este Acordo, para que, dende a aprobación por parte do Pleno, se empece a traballar coa axilidade necesaria. Polo tanto sometemos a votación a urxencia da proposta da nova composición das Comisións Informativas.

Sometida a votación a urxencia da moción, a urxencia é aprobada por unanimidade.

Sr Alcalde: Aprobada a urxencia, pasamos a tratar o asunto e facemos un análise do que se propón:

Proponse a modificación do Acordo de 11 de xullo de 2011, relativo ás Comisións Informativas, de xeito que se lle dea unha nova redacción ao seu punto 3º, e se lle engada un punto 5º, nos termos que a continuación se sinalan:

"3º.-A composición de cada unha das Comisións informativas será a seguinte:

---4 membros en representación do grupo municipal do PP, incluíndo a presidencia

---3 membros en representación do grupo municipal socialista

---1 membro en representación do grupo municipal do BNG"

Recordamos, ademais, que "a designación concreta dos Concelleiros membros da Comisión Informativa que lle corresponden a cada grupo realizarana este mediante escrito do seu Voceiro dirixido ao Alcalde. Poderá sinalar tantos suplentes como titulares lle corresponden ao seu grupo".

E un punto adicional que se incorpora:

"5º.-Se na votación dun asunto prodúcese empate de votos afirmativos e negativos, decidirá directamente o sentido do voto que formulara o Presidente da Comisión, sen necesidade de que se deba realizar unha nova votación".

¿Algunha intervención?

Toma a palabra a Concelleira do PsdeG-PSOE, Dna. Belén Louzao Vieites:

Con respecto a este punto, nós mantemos a postura que tivemos no pasado Pleno, que mantivemos na Xunta de Portavoces e que fixemos pública; a nosa postura é o respecto á legalidade. Como xa dixemos no anterior Pleno, a lei marca estritamente cal é a distribución que debe haber nas Comisións, e este Concello está obrigado a ter Comisións; polo tanto, mantendo os dereitos da oposición, pedíamos (para iso metemos un recurso) que se respectase esa legalidade. Parécenos moi ben que o Concello dea este paso mantendo a legalidade e o respecto ás leis, para devolver os dereitos que, neste caso, lle corresponden á

agrupación socialista; porque non esquezamos, así o vimos dicindo, que dos 5.700 votos que acadou o grupo popular, obtivo nove concelleiros, que son o 42% da Corporación e, que de un total de 7 membros nas Comisións, un 42% é matematicamente un 3. Polo tanto ao grupo municipal socialista de sempre lle corresponderon tres representantes nas Comisións, e non parece moi ben que se volva a respetar a legalidade neste Concello, democraticamente.

Polo tanto, visto (como dicía o Sr. Alcalde) que isto foi tratado na Xunta de Portavoces, só temos que dicir que o grupo municipal socialista sempre apostará para que a legalidade se manteña neste Concello tanto na organización como noutros tipos de asuntos.

Moitas grazas.

Alcalde: *¿Algunha outra intervención?*

Intervén o Concelleiro polo B.N.G, D. Xosé Magariños Maceiras: *Para o BNG esta composición é unha composición que é simplemente cun voto proporcional, polo que nos valería igual. Non temos maior opinión sobre este tema.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, para pechar o debate, por parte desta Presidencia se quere dicir: Como reza na propia Memoria da Alcaldía, non estamos falando dun acordo ilegal, estamos falando dun acordo estritamente legal xa tomado no anterior Pleno, e así está refrendado por varias doutrinas e a xurisprudencia así o di. En concreto algunha delas refírese a que a proporcionalidade non implica que de ningún modo as Comisións sexan unha reprodución exacta a escala menor do Pleno municipal, senón só que ao fixar a composición das Comisións, se procure a presenza nelas das forzas políticas presentes no Pleno. Iso é o que se pretendeu buscar co acordo que se tomaba no Pleno do pasado mes de xullo. De feito, é máis, entendíamos que nun reparto exacto do número de concelleiros o reparto houbera sido 4 concelleiros Partido Popular, 3 concelleiros partido socialista e tendo que quedar fóra o Bloque Nacionalista Galego das Comisións. Polo tanto o acordo que tomamos no seu momento foi introducir ao BNG e manter a estrutura das Comisións existente ata o de agora; sempre foron comisións de sete membros e é o que pretendía este grupo de goberno.*

De todos modos, pola nosa parte, non temos ningún tipo de problema e, si os demais grupos da oposición se senten máis cómodos con este reparto... De feito hai que recordar que se o Acordo anterior non era ilegal, este Acordo tampouco representa a realidade da maioría absoluta do Partido Popular nas Comisións Informativas. Polo tanto, é un xesto de xenerosidade por parte do goberno que se lle cede ao partido socialista para que traballen en positivo e empecen, dende logo, a traballar xa polos intereses xerais dos estradenses e que é o que nos debe levar a todos a formar parte da Corporación municipal.

Polo tanto, sometido a debate este punto procedemos á votación.

Non producíndose máis intervencións, o Concello adopta, por unanimidade, o seguinte Acordo:

Modificar o Acordo de 11 de xullo de 2011 relativo ás Comisións Informativas, de xeito que se lle dea unha nova redacción ó seu punto 3º, e se lle engada un punto 5º, nos termos que a continuación se sinalan:

3º.- A composición de cada unha das Comisións informativas será a seguinte:

- ⤴ 4 membros en representación do grupo municipal do PP, incluíndo a presidencia*
- ⤴ 3 membros en representación do grupo municipal socialista*
- ⤴ 1 membro en representación do grupo municipal do BNG*

A designación concreta dos Concelleiros membros da Comisión Informativa que lle corresponden a cada grupo realizarana este mediante escrito do seu Voceiro dirixido ó Alcalde. Poderá sinalar tantos suplentes como titulares lle corresponden ó seu grupo.

(...)

5º.-S e na votación dun asunto prodúcese empate de votos afirmativos e negativos, decidirá directamente o sentido do voto que formulara o Presidente da Comisión, sen necesidade de que se deba realizar unha nova votación.

Sr. Alcalde: *¿Algunha outra moción de urxencia?. Toma a palabra o Sr. Magariños:*

Sr. Xosé Magariños Maceiras: *O grupo municipal do BNG quere incluír neste Pleno unha moción de urxencia relativa á modificación e, máis que probable, peche do funcionamento do centro médico de Codeseda. Dada a urxencia, xa que o 15 de agosto está aí, traémola ao Pleno para que sexa sometida a votación.*

Sr. Alcalde: *Antes de nada procedemos á votación sobre a urxencia para que despois cada grupo político se posicione sobre a moción, salvo que exista algunha outra moción sobre o mesmo asunto e podamos incluír conxuntamente neste punto da orde do día.*

Sometida a votación a urxencia da moción, a urxencia é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde: *Ten a palabra o Sr. Magariños.*

Sr. Magariños: *Como todos sabemos, no centro médico de Codeseda estanse a realizar unha serie de servizos sanitarios, como son a analítica de sangue, no que se inclúe o SINTRÓN, e unha atención médica para os veciños dunha parte moi importante do noso concello; non conta con especialidades, pero bueno, ao servizo de especialidades non é algo ao que se vaia habitualmente, ao que si se vai habitualmente é ao médico. Como todos e todas sabemos, é intención da Consellería de Sanidade, a partires do 15 de agosto, modificar o funcionamento deste centro (actualmente está pechado por vacacións, do 15 de xullo ao 15 de agosto). Concretamente, quérese suprimir a praza de persoal de servizos xerais, persoa á que xa se lle informou que a partires do 1 de setembro (que é cando se lle rematan as súas vacacións) non se incorporará a este centro; persoa que, entre outras funcións importantes que facía, era tramitarlle as peticións do servizo de especialidades aos usuarios dese centro. E, a partires do 15 de agosto, tamén é intención desa Consellería cambiar o horario de funcionamento deste centro. Así, o persoal deste centro pasaría a prestar o seu servizo de xeito partido, facendo a metade da súa xornada no centro da Estrada e a outra metade no centro de Codeseda. O problema que esta partición implica é que as primeiras horas da mañá se fan no centro da Estrada e as seguintes horas no de Codeseda, o que implica que as analíticas se van a facer na Estrada, para posteriormente levalas a Santiago, co cal, calquera usuario que vai facer as analíticas á Estrada, loxicamente, o que non vai a andar dun lado para outro, polo que acabará quedándose na Estrada, solicitando un médico na Estrada. Isto leva ao peche irremediable do centro, porque se xa agora se argumenta que non hai cartillas, loxicamente a partires de agora haberá moitas menos.*

Non se pode argumentar, como se está a argumentar pola Consellería, que é un problema de cartillas, para despois facer a partición deste horario, senón que estamos a falar do que se trata e de que se vai a suprimir e privar a unha serie de persoas, concretamente preto de 500, dun servizo básico, como é o dereito á sanidade pública.

Se queremos que o rural siga tendo poboación, loxicamente temos que darlle os mesmos servizos que se teñen na vila, entre outras cousas porque pagan os mesmos impostos que pagan os cidadáns que viven na vila.

Estamos a falar dun problema que afecta ás parroquias de Arca, Souto, Liripio, Rivela, Sabucedo e, incluso, Parada e Nigoi. Parroquias ou cidadáns que xa teñen problemas para desprazarse ao centro médico de Codeseda porque non hai un servizo de transporte público e dependen doutras persoas. Outras características deste centro médico é

que é unha poboación maior, como a maioría da poboación que ten o rural, co cal se se lle pecha o centro de Codeseda e se teñen que desprazar ao centro da Estrada, se incrementaría este problema de desprazamento, este problema de distancia, e estarían máis supeditados a terceiras persoas que os puideran desprazar ao centro médico da Estrada. Como comentaba antes unha señora abaixo “home, polo de agora meu marido e eu aínda conducimos, pero de aquí a uns anos non vamos a conducir, entón irnos lonxe a un centro médico...: problemas vamos ter”.

Pero tamén se pode dicir que si hai efectivamente un problema de cartillas, pero este problema de cartillas é que cando un veciño ou veciña de Codeseda se dirixe ao centro médico da Estrada para xestionar un médico ou centro por novas altas, por idade ou polo que sexa (cambio de residencia..), a primeira opción que se lle da por defecto é sempre un médico da Estrada, do centro médico da Estrada, co cal o cidadá ten que facer a petición expresa de que se lle xestione o médico en Codeseda, o que non beneficia a que o centro médico de Codeseda teña cartillas, que xa digo, reitero, que non se trata de un problema de cartillas, son 481 ou 491, bueno, preto de 500 persoas que teñen os mesmos dereitos que os cidadáns que vivimos na Estrada.

Para evitar este peche, para que os veciños e veciñas do entorno de Codeseda non se vexan privados deste servizo que ata agora tiñan, o BNG presenta a seguinte Moción, que xa tratamos o outro día na Xunta de Portavoces onde chegamos a un acordo de facerlle unha modificación e que xa se introduciu, e que paso a ler:

“O centro médico de Codeseda atende a preto de 500 persoas desta parroquia e outras limítrofes, onde, a parte da atención médica diaria, tamén se poden realizar análises de sangue e de SINTRÓN, moi importantes para todas aquelas persoas, sobre todo de idade avanzada, que necesitan este tipo de atencións.

Até o 15 de xullo o centro médico estaba atendido por un médico, unha enfermeira e un PSX, mais nos últimos días o persoal facultativo deste centro (aquí hai un erro, é a partires do 15 de agosto, como xa dixen), este persoal médico partirá a súa xornada entre o centro médico de Codeseda e o da Estrada e elimínase a praza de persoal de servizos xerais, o que na práctica supón a lenta pero segura desaparición do centro médico da parroquia, un centro que se construíu grazas á cesión de terreos por parte dos veciños e veciñas da parroquia de Codeseda.

Este recorte do servizo sanitario na parroquia de Codeseda encádrase na política de austeridade que está a practicar a Xunta de Galiza; pero esta política non pode ser a costa de recortes sociais e de dereitos básicos dos cidadáns (como é o caso do dereito á sanidade pública e de calidade).

Todos os veciños e veciñas teñen dereito a unha sanidade pública e gratuíta, e a poder seren atendidos no lugar máis preto ao seu domicilio, cousa que non ocorrería se os veciños e veciñas de Codeseda tiveran que desprazarse até a vila da Estrada, que está a unha distancia de entre 10 e 12 quilómetros. Neste sentido, compre recordar que o Concello da Estrada é un dos concellos de maior extensión de Galiza, e o que máis núcleos de poboación ten, polo que este tipo de centros médicos descentralizados como o de Codeseda, Souto de Vea ou Oca, facilitan a moitos veciños e veciñas da Estrada teren unha atención sanitaria próxima aos seus domicilios.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte Acordo:

1. Esixir da Xunta de Galiza o mantemento público e gratuíta da atención primaria no centro médico de Codeseda, co mesmo horario e prestación que había até o 15 de xullo.
2. Trasladar esta petición ao presidencia da Xunta de Galiza, D. Alberto Núñez Feijoo, e á Conselleira de Sanidade, Dna. M^a Pilar Farjas Abadía.”

Sr. Alcalde: Moi ben, ¿algunha outra intervención?, Sra. Louzao....

Sra. Belén Louzao Vieites: Como dicía o señor compañeiro da oposición, Sr. Magariños do BNG, o tema do centro médico de Codeseda é un tema moi importante para o Concello da Estrada. É un tema importante porque non esquezamos que a Estrada se nutre das súas parroquias, A Estrada é as súas parroquias, A Estrada é, como dicía a moción do BNG, o municipio que máis núcleos de poboación ten. Polo tanto, debemos apostar sempre

(creo que esa é a misión do Concello Pleno da Estrada) por noso rural, para que os nosos veciños teñan os seus servizos; é dicir, que apoiemos e amparemos un recorte deses servizos, dende logo eu penso que en ningún momento non o deberían permitir, nin nós, nin os propios veciños, posto que algo que está conseguido, algo que o rural ten, non podemos apostar nós para que desapareza.

Como dicía a Moción, o centro médico de Codeseda, supostamente, todo indica que a partir do día 15 vai a sufrir recortes; e non só recortes senón que o persoal de servizos sociais, como dicía a Moción, xa foi avisado de que non continúa co seu posto. Eu penso que debemos apostar, debemos facer presión dende este goberno para que o rural estradense continúe a ter garantía para os seus cidadáns, é dicir, que os nosos veciños poidan contar no seu ámbito cunhas garantías para unha mellor calidade de vida, para vivir plenamente dentro do noso concello.

Polo tanto, o recorte de servizos conduce inexorablemente, e iso o sabemos todos, existindo exemplos noutros sitios, á perda da poboación e, polo tanto, ao despoboamento das nosas parroquias.

Polo tanto, debemos apostar, e así o manifesta o grupo socialista (que tiña tamén unha moción na mesma liña) por instar á Xunta para que sega dando este servizo como servizo de proximidade aos nosos veciños e, digo, instar á Xunta para que o noso rural continúe sendo dinámico, que non se produza un despoboamento das nosas parroquias.

Anunciamos xa que este grupo municipal, tal como puxo en coñecemento dos outros grupos na Xunta de Portavoces, está de acordo en apoiar esta Moción e pedir que por favor se manteña este servizo na proximidade do noso rural e que non se prive aos veciños de Codeseda, non só de Codeseda senón de toda a área de Codeseda (unha gran área importante para o noso concello) deste servizo, e nas condicións que se viña desenvolvendo ata agora; servizo no centro médico de Codeseda que está construído e que ten capacidade para facelo.

Como dicía, nós vamos a dar o noso apoio, e imos máis alá, se este Pleno ten que facer forza para que así sexa, apostamos, como fixemos na Xunta de Portavoces, por unha Moción conxunta e pedimos tamén que ese pretendido bo contacto, esa pretendida boa relación que o Alcalde ven dicindo ter con outras administracións, que o poña en funcionamento neste caso, que por favor se poña a traballar e que consiga ir máis alá de facer unha simple reunión, senón que consiga que este centro médico continúe aberto, facer valer neste caso a afinidade de grupo, esa afinidade de partido entre a dirección da Xunta de Galicia e a dirección do Concello da Estrada. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben, pois por parte do grupo de goberno e ao ser este un tema que realmente nos preocupa e preocupou dende o primeiro momento, manifestar o noso apoio a esta Moción de urxencia destacando que na Xunta de Portavoces acordamos os tres grupos políticos, as tres forzas políticas, sumarnos a unha Moción conxunta. Creo que é un bo comezo e, dende longo, eu quero felicitarnos a todos porque creo que esta é a forma de traballar. A Estrada ten que defender durante estes catro anos moitos intereses, seguramente o que nos une é moito máis do que nos separa, e neste caso coincidimos plenamente tanto na parte de exposición de motivos como na parte resolutoria de esta Moción, e para nós o mantemento dos servizos básicos no rural é fundamental. Dende longo, non podemos compartir en ningún caso ningún tipo de política que se ampare na redución e no recorte dos servizos básicos aos cidadáns, e entendemos que o centro médico de Codeseda, e así llo trasladamos tamén (e quero aproveitar para o dicir) na reunión e conversa que mantivemos tanto coa Conselleira como coa Xerente de Atención Primaria e co Coordinador Local do SERGAS en relación coa necesidade de seguir prestando ese servizo do centro médico de Codeseda, que estaba a prestar un servizo de proximidade moi valorado polos seus veciños. E defenderemos os nosos intereses que ao final son todos os intereses dos veciños da parroquia de Codeseda e de todos os veciños das parroquias limítrofes que teñen o seu médico no centro médico de Codeseda; os defenderemos alá onde teñamos que defendelos para intentar e seguir mantendo a nosa postura de que ese centro médico ten que continuar aberto.*

Polo tanto, creo que este é un bo inicio, chegaremos a onde teñamos que chegar, por parte de este goberno estamos en plenas condicións de poder defender os nosos intereses en este tema e así o defenderemos como goberno do concello da Estrada, e así o defenderemos tamén como lle corresponde aos intereses xerais dos nosos veciños. Polo

tanto, eu creo que este acordo unánime das tres forzas políticas dará forza ás nosas xestións que se poidan facer nun futuro para conseguir manter este servizo, e que para nós é un servizo prioritario e fundamental. Polo tanto procedemos a súa votación.

Non producíndose máis intervencións, adóptase or unanimidade o seguinte Acordo:

1. Esixir da Xunta de Galiza o mantemento público e gratuito da atención primaria no centro médico de Codeseda, co mesmo horario e prestación que había até o 15 de xullo.
2. Trasladar esta petición ao presidente da Xunta de Galiza, D. Alberto Núñez Feijoo, e á conselleira de sanidade Dona M^a Pilar Farjas Abadía.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

2º.-DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS NOS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2011.- Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 de maio ao 30 de xuño de 2011, e que van dende o número 300 ao 517.

O Concello Pleno queda sabedor.

3º.-ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Belén Louzao Vieites: *Dende o grupo socialista queríamos facerlle unha primeira pregunta. Estamos vendo estes días a través da prensa escrita, sobre todo (e uns días unha cousa, outros días outra), distintos cambios no que é o proxecto do Estadio Municipal da Baiuca, proxecto que había de arranxos e melloras que son necesarias para este estadio; e queremos preguntar ao grupo de goberno o que pensa facer co Estadio da Baiuca.*

Sr Alcalde: *Como ben sabe vostede, para nós o campo de fútbol da Baiuca é un proxecto importante e, dende logo, temos un compromiso claro que é a mellora das instalacións deportivas do Concello da Estrada. Cremos que temos unha ampla traxectoria a nivel deportivo e un gran número de clubs que están a facer un traballo extraordinario. E queremos, na medida do posible, neste momento difícil, dotalo dos mellores medios necesarios para seguir facendo esa práctica deportiva, xa que cremos no deporte non só como un hábito saudable, senón tamén como unha formación, unha formación de persoas onde o deporte aporta unha serie de valores fundamentais; por iso nos comprometemos co campo de fútbol de herba sintética de Callobre e tamén con deixar un proxecto ambicioso, realista e de futuro para o campo de fútbol da Baiuca. E nas próximas semanas estamos a traballar nesa planificación e prantexaremos e daremos traslado da participación para que coñezan os grupos da oposición e tamén todos os veciños cal é a proposta que ten o goberno para este estadio de fútbol.*

Sra. Belén Louzao Vieites: *Me di vostede que pensaron que hai que facelo; nós tamén o pensamos, estamos de acordo en que é un estadio importante, e por iso preguntamos que había previsto facer. Temos coñecemento que nos últimos días se produciu unha renuncia a uns proxectos que había presentados e, nalgúns casos, que deberían estar feitos e que non e, por tanto, que se liberou un fondo importante de diñeiro para facer outros proxectos, e nos gustaría saber que ten pensado facer con ese diñeiro que acaban de liberar renunciando á execución de certos proxectos que había solicitados, que pensa facer con ese fondo de máis de seiscentos mil euros que acaba de liberar da Deputación..*

Sr Alcalde: *Sobre ese proxectos que estaban aprobados e non licitados tomamos unha decisión responsable en función das necesidades e prioridades que ten actualmente este goberno e que ten o Concello da Estrada nunha situación económica extrema e, dende logo, temos que atender aquelas necesidades máis perentorias que ten a sociedade. Nese caso tamén tiñamos unha necesidade importante, e que debíamos ou deberíamos presentar proxectos que fosen ao menos licitados antes de finais do ano 2011 polo propio Plan de Investimentos da Deputación 2009-2011, por tanto aqueles proxectos que seguramente se puidesen retrasar no tempo a súa execución era conveniente, por prudencia, solicitar a anulación desas obras para dispoñer, en función de criterios de aforro e xestión eficaz, a novo debate e nova presentación de proxectos que realmente poidan mellorar substancialmente os graves problemas estruturais que agora mesmo ten o noso Concello. Polo tanto, tamén estamos a traballar nese tipo de proxectos e, no momento adecuado, llos faremos chegar e terán vostedes coñecemento de que son eses proxecto. E, como ben saben, un deses proxectos é o campo de fútbol de Calobre e outros que iremos tamén presentando e aprobando nas próximas semanas.*

Sra. Belén Louzao Vieites: *Fala vostede de necesidades perentorias, fala vostede de prioridades, falan vostedes de que están traballando, de que están pensando..., ben, gustaríanos coñecer cal é o criterio desas prioridades para establecer eses novos proxectos e coñecer cales son (non só no caso da Baiuca), que se pensa facer, senón que insisto e reitero a miña pregunta: ¿Que se pensa facer con eses fondos?.*

Xa noutro orde de cousas, gustaríanos facer dous rogos: Un primeiro: tamén novamente pola prensa e a grandes titulares saía que brigadas da Deputación estaban a colaborar co Concello en limpezas, desbroces, bacheados e demais, e gustaríanos, por favor, se lle pase á Deputación que proceda ao mantemento das súas vías. Parécenos moi ben que colabore no mantemento doutras, pero que proceda ao mantemento das súas vías. Citar algún exemplo como pode ser a carreteira que vai de Nigoí a Arca, de San Pedro ou a de Arca-Codeseda. Entón, por favor, que se lle traslade á Deputación que proceda ao mantemento adecuado destas vías.

Así mesmo, outro rogo que facemos ao goberno é que con respecto ao calendario de desbroces non sabemos exactamente que prioridades e necesidades están valorando para levalo a cabo, pero temos coñecemento (así se nos traslada polos veciños) de que existen parroquias que quedan illadas en medio doutras que si se teñen desbrozadas, e lles houbera gustado ter desbrozadas as súas vías para as festas patronais ao igual que outras moitas parroquias do Concello que viñan recibindo este servizo durante os últimos anos. En fin, neste ano xa pasou, pero nos gustaría saber o sistema que se está a facer para dar resposta a estes veciños.

Así mesmo, temos coñecemento de que en parroquias que se foron a desbrozar, aldeas completas quedaron sen desbrozar, o que están creando malestar entre os veciños desa aldea, que non saben a que responde iso.

No caso dos bacheos, insisto, descoñecemos cal é o calendario que se está a seguir, ¿cales son as prioridades que se están facendo para levar a cabo os bacheos?. Simplemente, de xeito anecdótico dicir que nunha entrevista dun concelleiro nun medio de comunicación escrito dicía que as brigadas da Deputación estaban apoiando e que levaban varios días arranxando a vía que une San Xulián con Matalobos; dicir simplemente que esa vía foi desbrozada pero non bacheada; é máis, os baches poden verse nesa vía, non sei se equivocaron de vía, non non sei. Simplemente rogar que se nos facilite un calendario de desbroces, dos sistemas que están a utilizar para efectuar os desbroces nas parroquias, así como para o sistema de bacheo . Moitas grazas.

Sr Alcalde: *Moi ben, tomamos nota dos seus rogos.*

Sr. Xosé Magariños Maceiras: *Eu nun principio tiña un rogo, pero despois dos rogos cos que empezou esta sesión., vou a engadir outro que é: O campo da Baiuca é un estadio municipal, non é so un campo de fútbol, polo que lle fago o rogo de que no proxecto teñan en conta que historicamente temos unha pista de atletismo e que tiñamos unha infraestrutura atlética que moi poucos concellos da categoría da Estrada se poden permitir. Entón, ao enfocar os proxectos da Baiuca , que se teña en conta que estamos a falar dun*

estadio municipal, o que é algo máis que un campo de fútbol. O campo de fútbol está aí e é importante, pero o resto que rodea ese campo de fútbol tamén o é. Creo que non hai ningún concello da categoría da Estrada que se poida permitir e teña o luxo de ter un estadio atlético.

A pregunta que si tiña preparada é que se limpen uns vertedoiros incontrolados que hai no entorno da praia fluvial do río Liñares e na parroquia de San Xiao de Veá, no lugar de Gondomar.

Despois, nas preguntas, tres preguntas que teñen que ver con que en decembro de 2010 a Deputación de Pontevedra anunciou que a Xunta de Galicia ía a asumir as competencias de varias estradas das provincias, entre ela a de Portela-Souto de Veá e a de Callobre-Ponte Ledesma. As miñas preguntas son: ¿En que estado se atopa o cambio de titularidade destes dous viais?, ¿Que xestión fixo o goberno municipal para mellorar o estado destes dous viais?, e ¿Que calendario de actuación manexa a Xunta de Galicia sobre estes dous viais?.

Sr Alcalde: *Como vostede ben di, a Deputación de Pontevedra tomou o acordo de transferir os viais á Xunta de Galicia. Son dúas infraestruturas que para nós son moi importantes, tanto a de Portela-Souto de Veá como a de Liñares-Balboa. Son dúas infraestruturas que comunican dúas vías cun tráfico bastante intenso e fluído, polo tanto as nosas xestións van encamiñadas a intentar buscar unha solución despois de tantos anos nos que non se fixo practicamente nada; creo recordar que durante estes últimos catro anos pouco éxito tivo a xestión que se fixo para conseguir unha mellora deses viais. A nosa idea é que agora a Xunta de Galicia ten que aceptar a transferencia desas vías públicas, ten que haber un acordo para patrimonializar esas vías na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través do Consello da Xunta de Galicia, e, a partires de aí, cando estea efectivamente realizado ese traspaso, as nosas xestións están feitas e encamiñadas a facer xa unha primeira actuación en función das prioridades e as necesidades que realmente teñen esas vías. Eu teño que recoñecer que o estado das vías é un estado bastante deteriorado e, polo tanto, debemos de exercer toda nosa capacidade de presión e influencia para conseguir que se faga unha actuación que mellore o estado do firme nesas dúas vías. Polo tanto, as nosas xestións están encamiñadas aí e, no momento, (cando falaba vostede do calendario) que esa titularidade sexa efectiva, esa recepción da titularidade do traspaso dos viais sexa efectiva por parte da Xunta de Galicia, acometeremos as xestións necesarias para acometer esas inversións que para nós si son unha prioridade.*

Sr. Xosé Magariños Maceiras: *Simplemente: agora as tres administracións teñen o mesmo cor, entón se supón que si ata agora parece ser que non se axilizou, supoñemos que agora o tempo será máis curto.*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e cinco minutos.

A Estrada, 4 de agosto de 2011

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González